



Consello de Galiza

Bós Ares, 14 de Febreiro de 1966.

Sr. D. F. Xavier Alvajar. París.


Distinto irmán. Dimpois dunha detida leutura dos comunicados e demais documentos por Vde. enviados, esta Segredaría xeral resolve ad-referendum do noso Consello, tomar as seguintes resolucións:

- 1º. Dirixirse o Consello de Galiza aos colaboradores e representantes na Terra, facendo presente e sinalando craramente que non se debe atuar nas organizacións europeistas de iste tipo no interior, sin consultar co noso Consello, que é quen sostén e avala a un representante oficial no seo Consello Federal Español do Movemento Europeo, e de acordo co cual, leva directamente a nosa política eisterior, a fin de coordinar accións eficaces e xustas nisa laboura, uneco xeito de lograr o conqwerimento de oxetivos craros e responsables na tarefa galega a carón dos problemas da Europa.
- 2º. En igual senso inquerire notizas referentes a creación e desenrolo na Terra do novo Partido Socialista Galego e demais actividades políticas.
- 3º. Dirixirse a nosa Delegación no México pra que se incorpore axiña a representación do Consello Federal Español naquíl país.

Finalmente, comunícolle que estamos tratando de xirarlle o diñeiro que debe cobrire os gastos da súa representación en París, e que trataremos de orgaizar a representación do Movemento español europeo na Arxentina e no Uruguai, do que lle iremos dando conta oportuamente.

Pregámoslle nos siga informando da marcha dos acontecementos, xa que isas informacións súas son moi valederas pra o desenvolvemento diste Consello, con cúa confianza conta Vde. sinxelamente

Unha forte aperta do irmán na Terra


Segretario Xeral.

Mandámosle a correspondenza a "Mañana", pois ignoramos a súa nova dirección.



Consello de Galicia

Bos Aires, 14 de Febrero de 1966.

Sr. D. F. Xavier Alvares. París.

Distinto irmán. Dámola dunha debida lectura dos

comunicados e demais documentos por Vde. enviados, isto se-
gredaría xeral resolve ad-referendum do noso Consello, to-

mar as seguintes resolucións:

1º. Dirixirse a Consello de Galicia aos colaboradores e re-
presentantes na Terra, facendo presente e sinalando claramente

que non se debe admitir nas organizacións europeas de
este tipo no interior, sin consultar co noso Consello, que é

quen hostén e avala a un representante oficial no seo Con-
sello Federal Español do Movemento Europeo, e de acordo co

qual, leva directamente a nosa política exterior, a fin de
coordinar accións eficaces e xustas nas labores, unese xer-

to de lograr o cumprimento de obxectivos claros e responde-
sables na tarefa galega a cargo dos programas de Europa.

2º. En igual senso indixerir noticias referentes a creación
e desenvolvemento na Terra do novo Partido Socialista Galego e

demais actividades políticas.

3º. Dirixirse a nosa Delegación no México pre que se in-
corpore axil a representación do Consello Federal Español

nada a país.

Finalmente, comunicolle que estamos tratando de xirir-
lle o diñeiro que debe cubrirse os gastos de sus representa-

ción en París, e que tratamos de organizar a representación
do Movemento español europeo en Arxentina e no Uruguai, de

que lle iremos dando conta oportunamente.

Prezámolle nos siga informando de marcha dos seus
camentos, xa que íamos informacións ánsa son moi valiosas

pre o desenvolvemento deste Consello, con esta confianza
conta Vde. sinaladamente

Unha forte aperta do irmán na Terra
[Firma]
Secretario Xeral.